

## **CIRCULAR 156-2026.**

### **XXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 20**

**Art.1).-** A Federación Galega de Atletismo organiza, o 10 de outubro nas Pistas do CGTD (Pontevedra), o Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub 20.

**Art.2).-** Poderán intervir os 16 clubs masculinos e femininos con mellor estadillo de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións previstas no art. 3.

- Presentación a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45h do luns 28 de setembro.
  - En caso de ter problemas coa presentación de marcas de clubs asociados, contactade con tempo coa RFEA: [ajimenez@rfea.es](mailto:ajimenez@rfea.es)
- En caso de empate, resolverase en favor do club que teña maior puntuación nunha proba individual; de persistir o empate, en favor do que obteña a segunda mellor puntuación e así sucesivamente.
- As probas a presentar no estadillo son as seguintes:

**Homes:**

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 110v, 400v, 3.000 Obst, altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, martelo, xavelina e 5.000 marcha (ou 10.000 marcha).

**Mulleres:**

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000, 100v, 400v, 3.000 Obst, altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, martelo, xavelina e 5.000 marcha (ou 10.000 marcha).

Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026, tanto en aire libre como en pista curta, por atletas con licenza en vigor polo club participante ou asociados a este, aínda que teñan estado noutro club no 2025.

- **Criterios de puntuación específicos:**
  - As marcas realizadas con artefactos ou medidas da categoría sub 18 (agás o disco feminino), puntuaranse descontando 50 puntos.

**Art.3).-** Poderán participar atletas Sub 18 e Sub 20 pertencentes aos clubs clasificados e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta poderá participar en dúas probas. En caso de dúas carreiras, só unha poderá ser superior a 400m.
  - As remudas contan como proba e como carreira.
- Na proba de 3000 obstáculos non poderán participar atletas da categoría Sub 18.
- Número máximo de participacións de clubs asociados por equipo: 6

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **Art.4).- Prazo de reclamacións e renunciacións.**

- Rematará ás 20:00 horas do xoves 1 de outubro e serán remitidas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal)
- Aqueles clubs que, non estando entre os equipos provisionalmente clasificados, queiran renunciar á posibilidade de acadar praza na listaxe definitiva, deberán comunicalo neste mesmo prazo.

### **Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 5 de outubro.**

- Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 14 probas, non sendo admitidos aqueles que non cubran ditas prazas.

### **Art.6).- Reunión técnica cos delegados dos clubs na zona de meta ás 9:20**

- Elección de táboas do triplo (ata un máximo de 3)
- Outras consideracións a considerar polo Xuíz Árbitro ou os delegados.

### **Art.7).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas.**

- Deberase confirmar a participación dos equipos de remudas antes das 17:45 horas, momento a partir do cal:
  - o Axustarase o horario das remudas. O mesmo comunicarse por megafonía ou por calquera outro medio do que se dispoña.
  - o Poderanse modificar os integrantes ate o tempo establecido.
- Os cambios efectuados nas probas de remudas non se contabilizarán.

### **Art.8).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.**

### **Art.9).- Sorteo de estaxes e orde de actuación.**

- Por acordo da Comisión de Clubs, realizarase un sorteo aleatorio en cada unha das probas.

### **Art.10).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.**

### **Art.11).- Cadencias nos saltos verticais.**

Comezarase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación:

**As cadencias publicaranse unha vez pechado o prazo de inscrición.**



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

**Art.12).-** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

### **Art.13).- Cámara de chamadas**

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peché da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

| SAÍDA A PISTA                          |     |
|----------------------------------------|-----|
| Minutos antes da hora oficial da proba |     |
| Carreiras e marcha                     | 5'  |
| Remudas                                | 7'  |
| Pértega*                               | 35' |
| Concursos restantes                    | 25' |

\*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

### **Art.14).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)**

| XORNADA DE MAÑÁ |                  |          |         |             |           |          |             |
|-----------------|------------------|----------|---------|-------------|-----------|----------|-------------|
| HORA            | CARREIRAS        |          |         | FOSO        | PÉRTEGA   | ALTURA   | LANZ. LONGO |
| 9:20            | REUNIÓN TÉCNICA  |          |         |             |           |          |             |
| 10:10           | 5000 marcha      | Homes    | Final   | Triplo M    |           |          | Disco H     |
| 10:50           | 5000 marcha      | Mulleres | Final   |             |           |          |             |
| 11:30           | 400 mv (0.914)   | Homes    | Final A | Triplo H    |           |          |             |
| 11:35           |                  |          |         |             |           |          | Disco M     |
| 11:36           | 400 mv (0.914)   | Homes    | Final B |             |           |          |             |
| 11:50           | 400 mv (0.762)   | Mulleres | Final A |             | Pértega H | Altura M |             |
| 11:56           | 400 mv (0.762)   | Mulleres | Final B |             |           |          |             |
| 12:10           | 3000             | Homes    | Final   |             |           |          |             |
| 12:25           | 3000             | Mulleres | Final   |             |           |          |             |
| 12:40           | 1500             | Homes    | Final   |             |           |          |             |
| 12:48           | 1500             | Mulleres | Final   |             |           |          |             |
| 12:50           |                  |          |         | Lonxitude M |           |          |             |
| 12:56           | 400              | Homes    | Final A |             |           |          |             |
| 13:00           |                  |          |         |             |           |          | Martelo H   |
| 13:02           | 400              | Homes    | Final B |             |           |          |             |
| 13:08           | 400              | Mulleres | Final A |             |           |          |             |
| 13:14           | 400              | Mulleres | Final B |             |           |          |             |
| 13:25           | 3000 Obs (0,914) | Homes    | Final   |             |           |          |             |
| 13:45           | 3000 Obs (0,762) | Mulleres | Final   |             |           |          |             |

| XORNADA DE TARDE |               |          |         |             |            |          |        |             |
|------------------|---------------|----------|---------|-------------|------------|----------|--------|-------------|
| HORA             | CARREIRAS     |          |         | FOSO        | PÉRTEGA    | ALTURA   | PESO   | LANZ. LONGO |
| 16:30            | 110 mv (0,99) | Homes    | Final A | Lonxitude H | Pérttega M | Altura H |        | Martelo M   |
| 16:36            | 110 mv (0,99) | Homes    | Final B |             |            |          |        |             |
| 16:46            | 100 mv (0,84) | Mulleres | Final A |             |            |          |        |             |
| 16:52            | 100 mv (0,84) | Mulleres | Final B |             |            |          |        |             |
| 17:05            | 200           | Homes    | Final A |             |            |          |        |             |
| 17:11            | 200           | Homes    | Final B |             |            |          |        |             |
| 17:17            | 200           | Mulleres | Final A |             |            |          |        |             |
| 17:23            | 200           | Mulleres | Final B |             |            |          |        |             |
| 17:29            | 800           | Homes    | Final A |             |            |          |        |             |
| 17:35            | 800           | Homes    | Final B |             |            |          |        |             |
| 17:40            |               |          |         |             |            |          | Peso M |             |
| 17:41            | 800           | Mulleres | Final A |             |            |          |        |             |
| 17:47            | 800           | Mulleres | Final B |             |            |          |        |             |
| 17:50            |               |          |         |             |            |          |        | Xavelina H  |
| 17:54            | 100           | Homes    | Final A |             |            |          |        |             |
| 18:00            | 100           | Homes    | Final B |             |            |          |        |             |
| 18:06            | 100           | Mulleres | Final A |             |            |          |        |             |
| 18:12            | 100           | Mulleres | Final B |             |            |          |        |             |
| 18:45            | 4x100         | Homes    | Final A |             |            |          | Peso H |             |
| 18:53            | 4x100         | Homes    | Final B |             |            |          |        |             |
| 19:00            |               |          |         |             |            |          |        | Xavelina M  |
| 19:01            | 4x100         | Mulleres | Final A |             |            |          |        |             |
| 19:09            | 4x100         | Mulleres | Final B |             |            |          |        |             |
| 19:20            | 4x400         | Homes    | Final A |             |            |          |        |             |
| 19:32            | 4x400         | Homes    | Final B |             |            |          |        |             |
| 19:44            | 4x400         | Mulleres | Final A |             |            |          |        |             |
| 19:56            | 4x400         | Mulleres | Final B |             |            |          |        |             |

**Art.15).-** O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ao seguinte sistema:

1º=N; 2º=N-1; 3º=N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.

En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan unha marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 14 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



### **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - [federacion@atletismo.gal](mailto:federacion@atletismo.gal)

[atletismo.gal](http://atletismo.gal) - [carreirasgalegas.com](http://carreirasgalegas.com) C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

**Art.16).-** Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

**Art.17).-** Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- Inscripcións fora de prazo: 25 € por equipo. Deberán ser enviadas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal) para a súa valoración.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo.

**Art.18).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 15 de setembro do 2026

Yolanda González Fernández  
Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo